

Recurso nº 55/2019**Resolución nº 53/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 11 de marzo de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por D. C.V.C. en nome e representación de COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 S.L contra a exclusión da súa oferta nos lotes 7, 8, 11, 15 e 16 e non avaliación dun criterio no lote 14 na contratación pola Universidade de Vigo dunha subministración de diverso material funxible e pequeno equipamento de laboratorio, produtos químicos, reactivos, etc mediante acordo marco cun só empresario, expediente 8/18, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A Universidade de Vigo convocou a licitación do contrato de subministración de diverso material funxible e pequeno equipamento de laboratorio, produtos químicos, reactivos, etc (17 lotes) mediante acordo marco cun só empresario, expediente 8/18, cun valor estimado declarado no anuncio no DOUE e no PCAP de 4.000.001,65 €.

Tal licitación foi obxecto de publicación no DOUE de 08.06.2018 e 10.07.2018 e na Plataforma de Contratación do Sector Público o 10.07.2018 e o 11.07.2018.

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP).

Terceiro.- Impugna COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 S.L a exclusión da súa oferta nos lotes 7, 8, 11, 15 e 16 e non avaliación dun criterio no lote 14. Todo isto foi decidido na sesión de 18.12.2018 e se publicou o 20.12.2018.

Cuarto.- O 27.12.2018 COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 S.L interpuxo recurso especial en materia de contratación dirixido á Universidade de Vigo.

Ate o 27.2.2019 non se recibiu no TACGal tal recurso, ao que se xuntou o expediente e informe do órgano de contratación. Non é un correcto funcionamento do recurso especial unha demora dese nivel no coñecemento por parte deste Tribunal da interposición dun recurso especial cando se presenta perante o órgano de contratación, debendo este evitar un transcurso temporal en dar, cando menos, conta da interposición.

Quinto.- Trasládouse o recurso aos interesados o 01.04.2019, sen que se recibiran alegacións.

Sexto.- O 28.02.2018 o TACGal adopta a medida cautelar do procedemento respecto dos lotes 7, 8, 11, 14, 15 e 16.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- O recorrente ten lexitimación para impugnar os acordos adoptados por afectar aos seus intereses lexítimos, artigo 48 LCSP.

Cuarto.- Dadas as datas descritas, os recursos foron interpostos en prazo.

Quinto.- Estamos perante un acordo marco referido a unha subministración de valor estimado superior a 100.000 €, polo que o recurso é admisible ao abeiro do artigo 44 LCSP.

Sexto.- As decisións adoptadas teñen unha base común. A exclusión derivou de que nos lotes 7, 8, 11, 15 e 16 non houbera presentación dos catálogos correspondentes aos produtos ofertados aos devanditos lotes e no lote 14 asígnaselle 0 puntos no criterio correspondente á “Posta a disposición dunha ferramenta informática que permita a tramitación on-line dos contratos baseada co programa específico de pedidos da Universidade de Vigo”, por non constar o anexo C-I no que debería indicar si ofertaba ou non a devandita ferramenta, todo o cal é negado polo recorrente, polo que procede resolver en conxunto este debate.

Sétimo.- Para entrar na cuestión debemos atender ás condicións da licitación.

Ante todo, é de relevancia atender que estabamos perante unha licitación electrónica, como recolle a cláusula 8.2 PCAP: *“8.2.1. Las propuestas se presentarán, dentro del plazo que se determine conforme el punto 6.2.1 de este pliego, exclusivamente empleando medios electrónicos a través de la Plataforma de Contratación del Sector Público.”* Ou o seu apartado 9: *“.1. Para tomar parte en el procedimiento de adjudicación será preciso que el licitador presente la documentación integrante de la oferta en los sobres electrónicos que correspondan de la manera que se indica en la cláusula 9.3, según sea el procedimiento de contratación indicado en el apartado 2 de la HRC.”*

O apartado 14 da Folla de Resumo de Características recolle que no Sobre C *“cada licitador presentará un catálogo específico dos produtos que oferte á Universidade de Vigo para cada lote ao que concorra...Igualmente conterá o Anexo C-I (Proposta económica)”*.

Ademais o PCAP ten un Anexo IV que menciona as *“Indicaciones sobre la presentación de ofertas de forma electrónica a través del servicio de licitación electrónica de la Plataforma de contratación del sector público”*, onde se remite aos Servizos de Licitación Electrónica na Plataforma de Contratación do Sector Público, mencionando: *“Los licitadores deberán utilizar necesariamente este Servicio de Licitación Electrónica que permitirá la preparación y presentación de ofertas”*

telemáticamente, la custodia electrónica de las mismas por el sistema y la apertura y evaluación electrónica de la documentación por los miembros del órgano de asistencia (Mesa de Contratación, si se constituye, o en su defecto los que se determinen)”.

Tal Anexo tamén cita unha serie de aspectos técnicos e que *“Una vez dentro los operadores económicos dispondrán de las siguientes guías de ayuda:1. Guía de Navegación de la Plataforma de Contratación del Sector Público (...) 2. Guía del Operador Económico en la Plataforma de Contratación del Sector Público.(...) 3. Guía de Servicios de Licitación Electrónica: Preparación y Presentación de ofertas. Sobre cómo candidatos y licitadores deben preparar la documentación y los sobres que componen sus ofertas mediante la Herramienta de Preparación y Presentación de ofertas que la Plataforma de Contratación del Sector Público ha puesto a disposición de las empresas en procedimientos de contratación pública electrónicos.”*

Observamos entón que as condicións da licitación eran explícitas en canto ao sometemento aos Servizos de Licitación Electrónica na Plataforma de Contratación do Sector Público, con mención as súas condicións, recollidas nesas Guías, de maneira que un licitador podía coñecer as mesmas, unido aos sistemas de axuda dispoñibles nesa Plataforma para os licitadores.

Pois ben, o informe do órgano de contratación, tras plasmar reprodución das pantallas da aplicación, conclúe: *“cando se examina o contido do sobre C desa oferta pódese comprobar que non figura en ningún dos lotes 7 e 8 o catálogo técnico correspondente a eses lotes (pantalla 3)” e “cando se examina o contido do sobre C desa oferta pódese comprobar que non figura en ningún dos lotes 11, 15 e 16 o catálogo técnico correspondente a eses lotes nin tampouco o anexo C-I correspondente ao lote 14 (pantalla 5)”.*

O recorrente alega que se se subiron á Plataforma os catálogos e Anexo C-I, recolle que a Plataforma lles notificou algún tipo de erro, pero que logo non apareceu esa mensaxe e que o sucedido derivaría dun *“problema interno de la PCSP ajeno a nuestro hacer”.*

O recurso debe ser desestimado porque o que se lle presenta a este TACGal é unha afirmación xustificada do órgano de contratación de que os documentos non constan presentados e fronte a iso unha negación do recorrente, que xunta uns xustificantes da presentación, os cales non mostran que tal documental fora efectivamente enviada (en similar sentido, Resolución TACGal 104/2018) .

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Desestimar** o recurso interposto por COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3 S.L contra a exclusión da súa oferta nos lotes 7, 8, 11, 15 e 16 e non avaliación dun criterio no lote 14 na contratación pola Universidade de Vigo dunha subministración de diverso material funxible e pequeno equipamento de laboratorio, produtos químicos, reactivos, etc mediante acordo marco cun só empresario, expediente 8/18.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.